

## IV Xornadas Galegas do Ensino Musical

A Asociación do Profesorado de Música de Secundaria de Galicia (ASOMÚSICA), no seu afán de cohesionar e establecer canles de comunicación entre os profesionais do ensino musical, así como entre as persoas interesadas no estado, a investigación e a práctica do ensino da música, organiza as IV Xornadas Galegas do Ensino Musical.

Estas xornadas teñen como fins establecer a comunicación fluída entre os diversos corpos do ensino musical, promover o intercambio de ideas e estratexias na didáctica da música, e reflexionar sobre esta como elemento esencial en todos os niveis do currículo e na sociedade no seu conxunto .

### LUGAR DE CELEBRACIÓN

Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela.

Enderezo: *Rúa do Monte dos Postes s/n.  
15703 Santiago de Compostela, A Coruña*

### A QUEN VAN DIRIXIDAS?

Profesorado de Música de ensino secundario, mestres de Música de E. Primaria, profesorado de Conservatorio e Escolas de Música, estudantes do Grao de Educación Primaria e estudantes de Pedagogía.

\* Esta actividade está en trámites de recoñecemento e homologación pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

\* Expediranse certificados de asistencia.

### INSCRICIÓN E MATRÍCULA

Número de prazas: 30

Prezo de matrícula:

- Socios de ASOMÚSICA: 10€ (para asociarse [www.asomusica.com](http://www.asomusica.com))
  - Non socios: 20€
- a) Realizar a inscrición cubrindo [o seguinte formulario](#) antes do día 18 de maio.
  - b) Facer o ingreso da matrícula na conta: **ES55 3070 0038 6161 2242 6924 Caja Rural**
  - c) Enviar copia do recibo bancario ao correo [asomusica@gmail.com](mailto:asomusica@gmail.com).

#### Organiza:

Asociación de Profesores de Música de Secundaria e Bacharelato de Galicia (ASOMÚSICA)



#### Colabora:

Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela.



## IV Xornadas do Ensino Musical



**Santiago de Compostela**

**21 de maio de 2022**

# IV Xornadas Galegas do Ensino Musical

21 de maio de 2022

## SESIÓNS DE MAÑÁ

9:15h-9:30h Chegada e presentación das Xornadas.

9:30h-10:30h Poñente: Alba Alonso Álvarez

### E se aprendemos xuntos? Entre todos construímos. Aprendizaxe cooperativa na aula.

A adolescencia supón un proceso complexo e cada vez máis longo onde a búsqueda de identidade é a clave do mesmo. Nesta fascinante viaxe, o noso alumnado bota man do seu grupo de iguais para establecer xuízos, opinións e definir o seu autoconcepto. A aprendizaxe cooperativa é unha valiosísima ferramenta para construír o coñecemento xa que, serán eles, e entre eles, os que deduzan e aprendan os contidos.

Ofrécese un exemplo de Unidade Didáctica de traballo cooperativo sobre a Música no Renacemento.

Alba Alonso Álvarez é licenciada en Psicoloxía, titulada Superior na especialidade de Piano e posúe o Grao inicial en perCUSión. Actualmente é profesora de Música no IES Francisco Aguiar. Docente por vocación, é unha apaixonada do seu traballo e busca sempre o aspecto práctico, ameno e divertido da música.

10:30h-11:30h Poñente: Lucía Nores Fernández

### Investiga coas TIC.

Os traballos por proxectos e de carácter interdisciplinar están moi presentes nos programas educativos pero recompilar toda a información a través de distintas ferramentas audiovisuais básicas non sempre resulta doado.

A través desta charla práctica coñeceremos recursos de sinxelo manexo como Genially, Soundcloud, Caramella... coas que o alumnado pode traballar de maneira colaborativa e crear presentacións atractivas.

Lucía Nores Fernández é Mestra de Educación Musical, Titulada Superior de Piano e profesora titular de Música no IES Mendiño de Redondela (Pontevedra).

11:30h-12:00h Descanso

12:00h-14:00h Poñente: David Rodríguez Rivada

### Facendo de Verín un novo Broadway: elaboración de musicais escolares en ESO e Bacharelato.

Explicaremos o proceso de elaboración de musicais no instituto, comentando a temporalización e reparto de tarefas, a distribución e secuenciación de todos os cometidos (adaptación do guión, tradución de letras ao galego, teatro, coros, solos, banda, coreografías, escenografía, tremoia, luces, son, publicidade, xiras...), propoñendo estratexias organizativas e poñendo exemplos concretos dos seis musicais realizados no IES Xesús Taboada Chivite: "Los miserables" (2013), "Moulin Rouge" (2014), "Mamma mía!" (2015), "Hoy no me puedo levantar" (2016), "Grease" (2017) e "A Bela e a Besta" (2018-2019).

Nado en Ourense, David Rodríguez é Doutor en Filoloxía hispánica con Premio extraordinario de fin de carreira e Premio autonómico de fin de carreira, graduado en Filoloxía clásica e titulado profesional en Música na especialidade de Violonchelo. É profesor de ensino secundario de Música no IES Xesús Taboada Chivite dende 2005. Publicou a súa tese "El mito de don Juan en la ópera 'Don Giovanni' de Mozart", e fixo o libro de texto dixital de Netex (en Edixgal, "Música 2 ESO").

Compaxina o seu labor docente con concertos didácticos e actuacións con diferentes formacións musicais, ademais de levar a cabo musicais escolares co seu alumnado.

Este verán sairá á luz o documental que está a preparar sobre o proxecto dos musicais escolares, dirixido por Sabela Domínguez Souto.

## SESIÓNS DE TARDE

16:30h-18:00h Poñente: Mario Diz Otero

### A materia de Música na LOMLOE. Que cambia? Aprender a ensinar dende a Universidade.

Co actual cambio legislativo atopámonos de novo ante modificacións que afectan directamente non só á estruturación da materia de Música, senón a todos os elementos do currículo. Falaremos das diferenzas e dos avances que se producen respecto á normativa da LOMCE para adecuarnos ás novidades que os docentes deberán afrontar a partires do vindeiro curso.

A universidade é o lugar onde se forman as nosas futuras xeracións para participar na sociedade como profesionais nos distintos ámbitos da nosa contorna; veremos que elementos participan da formación dos mozos e mozas como futuros docentes, no currículo do Grao en Educación Primaria e no Mestrado do Profesorado de Educación Secundaria.

Mario Diz é un músico que desenvolve a súa carreira profesional vinculada a diversos proxectos; director da Orquestra da Universidade de Santiago de Compostela dende o 2010, como discípulo do mestre Antón García Abril, desenvolveu nos últimos anos unha intensa actividade compositiva para diferentes colectivos profesionais e didácticos.

Na actualidade é profesor da área de Didáctica da Expresión Musical na Universidade de Santiago de Compostela e dende 2008 ata 2016 formou parte do equipo directivo da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela onde tamén imparte na actualidade clases de violín e viola; a súa paixón pola didáctica destes instrumentos reflíctese na súa publicación da metodoloxía «O meu primeiro violín» para a iniciación en idades temperás; tamén en numerosos estudos comparativos sobre as diferentes metodoloxías e estudos relativos á ensinanza musical e á súa investigación no eido da didáctica.

18:00h-18:30h Descanso

18:30h-20:15h Poñente: Xacobe Martínez Antelo

### Obradoiro de Soundpainting

O Soundpainting é unha Linguaxe de signos aplicada á Composición en tempo real. A Directora ou Soundpainter compón ao vivo pezas improvisadas multidisciplinarmente e de xeito colectivo. Multidisciplinar porque, se ben comezou nos anos 70 aplicado á Música, hoxe en día utilízase en case calquera expresión artística: Movemento, Artes Plásticas e Visuais, Teatro, Literatura, Performance, etc... Neste obradoiro faremos unha inmersión lingüística no Soundpainting, descubriendo unha visión absolutamente enriquecedora e liberadora da Improvisación. Como músico, creador ou artista, o Soundpainting é un punto de inflexión na forma de relacionarse co instrumento, coa escoita, coa improvisación, cos prexuízos, límites e bloqueos. Un achádego a todos os niveis, e ademais, unha das cousas máis divertidas.

O contraabaixista compostelán Xacobe Martínez Antelo é un dos músicos máis prolíficos do mapa galego do Jazz en España. Cursou os seus estudos musicais nos conservatorios de Santiago e Vigo e tocou en diversas bandas alleas ao jazz, establecéndose definitivamente nel ao formar o grupo "Sumrrá". Ten publicados unha ducia de discos ao seu nome e realiza varias colaboracións con outros músicos españois, principalmente da escea jazzística galega, como: Marcos Pin, Abe Rábade ou a Orquestra Galega de Liberación, da que é líder, promotor e fundador.

O seu estilo, impregnado das tradicións do hard-bop, é sinónimo de calidade e ten escritas máis de sesenta composicións propias.

20:15h-20:30h Clausura das IV Xornadas do Ensino Musical